



Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Calendario: Recoméndase ao colectivo unha explotación baseada na rotación por zonas, deixando descansar cada unha delas, alomenos, dous meses, o que tamén suporía un mellor control sobre o recurso. Por outra banda, recoméndase a separación da zona de produción de a pé e de a flote, xa que os intereses dos colectivos son distintos.

Redúcense a 100 días o número máximo de días de extracción.

Non se aproba a proposta de incremento do tope de captura a 5 kg/mariscador/día por non estar xustificada mediante avaliación biolóxica do recurso; ademais sería necesario que mellorase a vixilancia e control da actividade extractiva que realiza o colectivo.

Non se considera axeitada a proposta de establecer un tope bruto no punto de control por estimar que se non existen puntos de control nas zonas de traballo aos que se achegue o percebe extraído na rocha, se precinten os lotes e se trasladen nese estado á lonxa onde debe ter lugar a selección, non se melloraría a explotación do recurso.

Renovación da modalidade de percebe do permiso de explotación das embarcacións:

Acéptase que para a renovación da modalidade de percebe da embarcación se acredite ter realizado a actividade extractiva que se contempla no plan presentado (mínimo 50% dos días de actividade laboral), pero advírtese (ao igual que nas propostas de resolución da Dirección Xeral de Recursos Mariños dende o ano 2006), que se computará **o ano natural anterior a data de solicitude de renovación**, e que **deberán acreditarse as vendas achegando a delegación territorial un certificado ou extracto das vendas con detalle dos días, meses e persoas, presentado en documento orixinal e selado e asinado polo representante legal da lonxa ou centro de venda autorizado.**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA

E ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 007 – Fax 981 545 025

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan.

-
- (1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...
 - (2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
 - (3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire
 - (4): Indicar en negrita o que corresponda
 - (5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...
 - (6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día....
 - (7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
 - (8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
 - (9): Este apartado corresponderalle cubriro á administración
-